

# Reflexións sobre noso patrimonio material

Xerardo Dasairas

Os bens patrimoniais públicos e privados que constitúen a herdanza dos nosos devanceiros gozan de protección legal desde o ano 2022, recollida no Código Penal, artigo 323, que atende os delitos contra o patrimonio con prisión de 6 meses a un ano e tamén multas. Este artículo aféctalle aos danos en xacementos terrestres e acuáticos e ao patrimonio histórico cultural, artístico, monumental e científico.

Nuns casos tense mellorado e rescatado gran parte deste patrimonio pero noutros o seu abandono e deterioración é evidente xa non só por falta de interese e valoración, senón pola onda de actos vandálicos (sobre todo pintadas) que se viñan producindo contra o mesmo. Nuns casos sofren os efectos do tempo e noutros da propia modernidade, derrubados por automóbiles ou estragados por tractores, pero o máis grave é cando se detecta a propia man humana tras do deterioramento dos mesmos como poden ser as pintadas ou os destrozos intencionados.

A incultura, acompañada da ignorancia da Lei, tamén está detrás de actuacións incalificables e consideradas delitivas que foron noticia en Galicia por seren denunciadas: Por facer unha piscina ilegal que lle afectou a un xacemento arqueolóxico (1 ano e seis meses de cárcere e 2.160 euros de multa), por destruír outro para facer un vial (Mina das Medas) ou polo derrubamento da muralla dun castro en San Bartolomeu, levada a cabo por tres veciños dunha comisión que querían ampliar o torreiro onde adoitaban celebraban a festa parroquial: Neste caso, a desfeita non quedaría impune e os causantes foron condenados a sete meses de cárcere e ao abonamento de 51.000 euros de multa.


Outras veces, o acto vandálico semella tamén incomprendible e só cabe xustificarse como propio de mentes parvas que actúan por propia ignorancia ou baixo os efectos do alcol ou dalgún estupefaciente. Outras veces, sen máis, é o abandono da construción por cuestións de herdanza como lle aconteceu ás capelas da Inmaculada de Ximeu e a de San Antonio no Seixo. A acción erosionadora dos elementos atmosféricos, os incendios e a humana tamén actúan sobre o patrimonio rupestre como é o caso do petroglifo do Pinar do Rei a penas imperceptible hoxe despois de levar aí milleiros de anos.

Contodo, outros casos rozan o inimaxinable como aconteceu nas Neves en decembro de 2019 de onde levaron dúas rochas gravuradas duns cincocentos quilos e foi considerado este feito como único no mundo. Aínda hoxe se descoñece a intencionalidade da tal "proeza" e o único que trascendeu foi a contía da multa de 150.000 euros que lles podía caer aos ladróns, se os atopasen, claro.

Máis sutiles son os roubos de tallas de santos en igrexas e conventos dos que cando se levan a restaurar faise unha copia, quedándose co orixinal: O caso de Sta. Margarida de Cortona é boa mostra, pois esta talla do XVII foi mercada por un intermediario por 100.000 euros e o antiquario que a vendía facíao por 350.000 que é o prezo no mercado clandestino destas imaxes.

Xa máis próximo a nós e como atentado contra o patrimonio público, con visos de ignorancia utilitaria, tamén pode considerarse a realización dun furo e a incorporación dun antiestético cano de plástico na coñecida Fonte da Ola de Herbello. Certo é que foi un verán de moita seca pero isto non lle afectou ao manancial pois a fonte seguía botando auga coma sempre polo antigo oco natural que a caracterizaba, incluso coa "derivación" practicada. Polo tanto, o chamativo neste caso vén ser a premeditación do acto pois o autor precisou, ao menos, dun cicel ou dun taladro a batería para realizar "a obra" o que conleva tamén unha certa aleivosía na execución do mesmo por moito que se poida pensar nunha innovadora intención (i+d) de mellorar ou facilitar o abastecemento.

Estes feitos, digamos incontrolados tamén veñen pór de manifesto a desprotección que sofren estes mananciais populares e a capacidade (ou discapacidade?) que teñen algúns para consumir actos contra o



patrimonio común, que se poden cualificar, a todas luces, como de puro vandalismo: Os suevos da Galicia posromana xa tiveran que expulsar aos Vándalos do país pero ao que se ve aínda quedaron algúns.

En maio do 2013 incorpóranse como BIC (Bens de Interese Cultural) na nosa parroquia o castro e restos medievais do Castelo e dos petroglifos do Piñeiro/O Lago e do Prado do Pazo. Neste sentido cabe lembrar que por lei están incluídos nesta protección os escudos, emblemas, pedras heráldicas, cruceiros, hórreos de máis de cen anos e restos de fortificacións medievais.

En 2014 cando se está a elaborar o PXOM de Cangas, inclúense no mesmo 327 fichas de bens culturais que inclúen edificios relixiosos, lavadoiros, muiños, construcións populares, hórreos, fontes, xacementos arqueolóxicos ... incluíndo só 68 destes na nosa parroquia, aínda que son moitos máis. Chama a atención que por primeira vez neste catálogo (vese a man dun arquitecto) se inclúa a casa de Lavandeira (chalé de Meneiro), algunhas vivendas "tradicionais" con hórreo en Liméns e na Magdalena. Tamén se cita a Casa-Granxa do Tobal, que por certo, foi derrubada e as súas pedras amoreadas sen que ninguén dese nin chío.



### O cruceiro da Xaulera

Un caso pendente de restauración, que xa clamaba a o ceo, foi o do cruceiro de Serra Poñente (ou da Xaulera) que despois de xa bastantes anos da súa destrución, seguía sen repoñerse. A día de hoxe, supomos que os seus restos seguen durmindo nos baixos do Auditorio e nos dixeron que non se repoñían porque mentres estivese *subiudice* (?) o asunto, non se podía actuar: Desculpas de mal pagador ... É certo que a desfeita é irrecuperable, mais cabía unha restauración do cruceiro (protexido como BIC) cunha nova talla que respectase a súa antiga fasquía, como xa se fixo en casos semellantes e non esta chafallada antiestética, pobre e indigna, sendo que a Escola de Canteiros de Poio ben podería facer unha réplica decente ...

### O Hórreo da Virxe

É un caso que nos preocupa desde hai anos e tamén á Asociación Veciñal Daravelo pola cuestión da súa pertenza e conservación, ignorada, pois pertence ao común xa que foi erguido polos veciños para gardar no mesmo os donativos que os fieis, daquela basicamente millo, lle facían á Virxe de Darbo para a súa poxa e contribución á romaría. Neste caso, o Concello debería tutelar a súa conservación e inclusión como ben municipal polo seu carácter de construción orixinaria feita polos veciños e protexida como BIC.



## Capela de Santa Marta

Esta capela en estado de ruina foi restaurada a finais do século XX pola Deputación, o Concello e os veciños e foi incluída en 1994 nunha relación de bens provinciais a protexer que non se fixo axeitadamente e contén numerosos erros de catalogación (Ver ficha). Porén, xa hai un tempo, esta capela foi reclamada como Capela de Santa Marta de propiedade particular (de aí o erro máis grave ao non investigar esta circunstancia) e agora o Concello negocia a súa compra para incorporala ao patrimonio municipal.



Capela de Santa Marta

Como proliférase o vandalismo e os atentados contra o noso patrimonio a Xunta promulgou en outubro de 2018 a Lei de Rehabilitación, rexeneración e renovación urbanística que para protexer os Bens Históricos reflicte multas de 6.000 a 15.000 euros e de 300 a 6.000 nas áreas dos bens protexidos. Se houber danos irreparables, a Lei de Patrimonio contempla ata 1 millón de euros de sanción. Como o descoñecemento da Lei non exime de culpa é polo que tratamos de divulgala, facendo unha chamada cara a un maior coidado e atención sobre o legado dos nosos devanceiros que é ademais un elemento fundamental da nosa cultura.

### Catálogo de bens a protexer

#### BOP Deputación Dec. 1994

*Castro da Laxe do Cristo	San Roque	*Castro de O Lago	O Piñeiro
*Castro de Pinar do Reí	Monte Carrasco	*Castro Monte da Vixía	Outeiro Agudo.
Castro do Castelo	Cimadevila	Capela de San Pedro	G. P. 8.3
**Castro Mesa de Montes	A Magdalena	Igrexa de Sta. María	G.P.9.3.2.
*Castro de O Lameiro	Cimadevila	Cruceiro do Adro igrexa	G.P.9.3.2.
*Castro da Laxe da Chan	Cimadevila	Capela de Santa Marta	G.P.8.3.

**Esta catalogación é moi escasa e con erros de vulto:**


\*Petroglifos. \*\*Asentamento do Calcolítico/Bronce

Este listado foi enviado á Deputación sendo alcalde de Cangas José Manuel Chapela Seijo

-----

## Xacementos Calcolítico, Bronce, Romano, Medieval

- 1- Liboreiro/Coruto: Castro, petroglifos.
- 2 - Mesa de Montes: Asentamento Calcolítico/Bronce.
- 3 - Lagoas de Baguín: Petroglifo.
- 4 - Ourelo: Petroglifo.
- 5 - Baguín-Ourelo: Petroglifo.
- 6 - Pinal do Rei: Petroglifo.
- 7 - A Porteliña-S. Pedro: Petroglifo.
- 8 - O Castelo: Castro, castelo medieval.
- 9 - O Lameiro-Cimadevila: Petroglifo.
- 10 - O Enxerto-S. Pedro: Petroglifo e gravado.
- 11 - Prado do Pazo-O Piñeiro: Petroglifo.
- 12 - Laxe da Chan: Petroglifo.
- 13 - Cimadevila: Petroglifo.
- 14 - O Lago-Piñeiro: Petroglifo.
- 15 - O Gorgullón-Seixo: Petroglifo.
- 16 - O Paso-Piñeiro: Petroglifo.
- 17 - Cristo da Laxe: Petroglifo.
- 18 - San Roque: Petroglifo.
- 19 - Outeiro de Balea: Petroglifo.



(Publicado en “Asoc. Stmo. Cristo del Consuelo”. Agosto, 2024. Cangas)